

*A FILLA DO LADRÓN DE BICICLETAS* TERESA GONZÁLEZ COSTA

1. Debuxa unha celerífera modernizada e pon nela todos os nomes de partes da bicileta sela, cadro, pedal, freo, cadea, pé, raios, catarina, piñóns, guiador, raios, pneumáticos, válvulas, faro, timbre

2. O señor Elías era inventor. Coñeces algún inventor/a galego/a? Está vivo/a? En que época creou o seu invento? Describe o seu invento, pareceche útil, por que?

3. Se puideses inventar calquera cousa, que sería? De que maneira cres que contribuiría o teu invento a mellorar o mundo?

4. Milo sofre acoso por parte dalgúns rapaces, por que cres que se produce isto? Que opinas sobre este problema? E sobre o uso de rumores para danar a alguén? Existen estes problemas no teu colexio?

5. Se ti foses Serafina axudarías ao teu contrincante ou seguirías ata gañar a carreira? Pensas que co seu xesto conseguiu dalgún xeito solucionar o problema de Milo? Por que?

6. Anota as palabras que tiveches que buscar no dicionario e a súa definición.

7. Puntua o libro do 1 ao 10 e escribe unha opinión persoal breve. A quen lle recomendarías a súa lectura?

8. Busca información sobre a biografía e a obra de Teresa González Costa e redacta un pequeno texto explicativo.